

ENTREVISTA

MARIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Catedrático de Filosofía

"A filosofía sempre foi a inimiga mortal da estupidez"

[T] Miguel A. M. Quintanar


[F] Círculo de Bellas Artes

Mariano Rodríguez González é filósofo. Exerce como catedrático desta disciplina na Universidade Complutense de Madrid, na que é director do grupo de investigación CLEPO (Corpo, Linguaxe e Poer: lecturas contemporáneas a partir de Nietzsche), e tamén co-director do Seminario Nietzsche Complutense. Coordina ademais o Mestrado de Psicanálise e Teoría da Cultura. O seu último libro, *La idea de tonto. Estudio contra la estupidez* (Ápeiron Ediciones), incrementou o interés pola súa traxectoria e pola súa obra entre a comunidade científica.

No ano 2022 publica *La idea de tonto. Estudio contra la estupidez*. É un texto dunha asombrosa cultura filosófica e literaria, repleto de matices conceptuais, experiencias biográficas e coñecementos sedimenta-

dos, non exento de finas doses de ironía sapiencial. Na súa opinión, por que a estupidez é un tema filosófico de máxima actualidade e o cretinismo unha "afección" social e política de primeira orde? Que pode achegar a filosofía á análise e interpretación da estupidez como fenómeno humano do que é difícil liberarse e, moito máis complexo, aprender a convivir con el?

A razón última é que a xente xa vai notando que para que as cousas funcionen non habería necesidade de comprendelas. Inclusive hai quen pensa que é mellor non comprendelas. Entón os que odian a realidade (son os que odian pensar) encontran a súa oportunidade de ouro porque lles encanta a idea de que vivir na ilusión e a mentira agora pódelles saír gratis. A filosofía sempre foi a inimiga mortal da estupidez, por iso mataron a Sócrates, porque trataba de sacar ao seu interlocutor da súa



burbulla ou do seu dobre, e sen dúbida vivir coa vista no real é insoprible para a maioría. Igual que para Clément Rosset, para min a filosofía é visión do real, e entón a virtude clave do filósofo non é outra que a valentía. Pero case todos, ademais de vagos (Schopenhauer), son covardes (Nietzsche), así somos os humanos. E claro que asusta levar isto á política dos votos e partidos porque, como sigamos así, nunca gobernarán os mellores, ou os de virtude probada, senón que gañará, a longo prazo, o descerebrado sofista que mellor seduza ao ignaro a seguir vivindo na inversión do real. Para cumprir a súa promesa o político que carece de vergoña poderá chegar a "matar", ou sexa, a suprimir o real. Por certo, a estupidez é por definición o ininterpretable, o grao cero do sentido. É imposible interpretar a estupidez, igual que interpretar a morte: carecen de mensaxe. O que fai a filosofía é sinalala co dedo, poñela na picota.

"COMO SIGAMOS ASÍ, NUNCA GOBERNARÁN OS MELLORES, OU OS DE VIRTUDE PROBADA, SENÓN QUE GAÑARÁ, A LONGO PRAZO, O DESCEREBRADO SOFISTA QUE MELLOR SEDUZA AO IGNARO A SEGUIR VIVINDO NA INVERSIÓN DO REAL. PARA CUMPRIR A SÚA PROMESA O POLÍTICO QUE CARECE DE VERGOÑA PODERÁ CHEGAR A MATAR, OU SEXA, A SUPRIMIR O REAL".

No capítulo 5 de *La idea de tonto* analiza con brillantez a relación entre estupidez e malevolencia utilizando a envexa como ponte. Pode aclararnos estes vínculos? Ademais, pode explicarnos cal é o fio invisible que vincula estes tres conceptos coa onda actual de anti-intelectualismo? O odio á cultura e a apoloxía da ignorancia, promovidas polos estúpidos, como afecta ao ensino universitario?

Con iso tento desenvolver un pouco a sabedoría popular que recollía Unamuno ao dicir que "non hai parvo bo": quen é parvo é, polo xeral, ao seu favor, aínda que pareza o contrario; o parvo en realidade mestúrase ben co comenenciado, que quere facer a viaxe sen pagar, aínda que sexa verdade que o parvo nunca se fai o parvo. Polo común, o parvo é resentido, envexoso, e por iso inverte o real. Non soporta a superioridade percibida do outro, mais sempre hai alguén que é mellor ca nós nalgún sentido. Igual que esa parella de xordas que querían ter unha filla xorda porque pensaban que ser xordo é unha espléndida diferenza cultural. Ademais, a envexa é o paradigma


A ENVEXA É O PARADIGMA DA ESTUPIDEZ PORQUE MORALIZA O MUNDO DO MODO MÁIS DELIRANTE: CELA DÍXOLLES AOS ENVEXOSOS QUE O DEIXASEN EN PAZ PORQUE EL NON TIÑA A CULPA DO QUE LLES PASA. A ENVEXA FAI DA TERRA UN VAL DE BÁGOAS CANDO PREGUNTA: "COMO TE ATREVES A SER FELIZ?"

da estupidez porque moraliza o mundo do modo máis delirante: Cella díxolles aos envexosos que o deixasen en paz porque el non tiña a culpa do que lles pasa. A envexa fai da Terra un val de bágoas cando pregunta: "como te atreves a ser feliz?", "como te atreves a estar ben sendo o mundo como é?". Entón, ou es un canalla ou es parvo, conclúen os parvos contra quen non deixa de estar contento por estar vivo. Probablemente moitos parvos intúen confusa ou disimuladamente que o son, e non o perdoan cando dirixen a súa furia contra quen non é como eles. Pensemos no diagnóstico que fixo María Zambrano do home fascista nos seus escritos da guerra civil.

O odio á cultura e a apoloxía da ignorancia, promovidas polos estúpidos, como afecta ao ensino universitario?

Para os cretinos, a auténtica universidade é un horror porque se dedica a comprender o real e entón está a loitar contra a súa inversión estúpida. Eles non poden nin imaxinar "para que" a filosofía, pero só porque se dan conta de que é a súa grande inimiga, e algúns aínda temen o ridículo. O ensino universitario non engade nada ao correcto funcionamento da máquina social, inclusive o obstaculizaría. Pero iso é porque sen comprensión non cabe a crítica: o paraíso para os imbéciles é que a crítica se faga inviable. O lema do estúpido é que todo é igual, todo dá igual, todos somos iguais e ao que sexa máis alto córtaselle a cabeza.

No ano 2010 publica *El sujeto velado*. A partir de Nietzsche y Wittgenstein, un magnífico conxunto de aforismos sobre o asunto do suxeito. Cal é o seu diagnóstico sobre a saúde mental, epistémica e moral do suxeito actual? Que consecuencias ten a "mirada maquiánica" sobre a comprensión (e autocomprensión) do humano e non humano? Como cre que inflúe sobre as súas doenzas psíquicas e anímicas? Son as máquinas "o deus que pode salvarnos" ou a materialización dunha nova, e máis sofisticada, forma de estupidez? Con respecto ao epistémico, xa o viu Lyotard, hoxe chegaría ao máximo a ditadura da performatividade: non interesa comprender nada senón só a incesante produción de "outputs" "novos". Polo demais, todos estamos máis ou menos tolos pero, como ensinou Lacan, iso carece de importancia se non o pensamos: non estás tolo se che importa un pemento estalo. O problema fórmulase cando si che preocupa. A inversión sistemática do real por suposto que normaliza ou abole a tolemia, o que complica moito a vida do cordo. Lembremos a expresión castelá de facer algo "a tontas y a locas" ["sen tento"]. Iso converteuse hoxe nun ideal de vida e de política: hai que ser espontáneo e inocente, din eles que así é o pobo e así deberá ser. Por outra banda, se "o real" non son máis que patróns estatísticos que se reiteran, entón teñen moi fácil concluír falsamente que a comprensión non introduce diferenza algunha, por outras palabras, que a comprensión é irrelevante e polo tanto non debería existir. Michel Henry prognosticaba nos anos oitenta que a era da informática ía ser a dos cretinos. Non son tan pesimista: ben usado, chatGPT, por exemplo, é un recurso prodixioso para investigar e para pensar, un avance increíble. Ou sexa, temos que aprender a dar sentido á máquina, un sentido que por suposto non está nela. Se o facemos ben, a máquina



pódenos servir para desfacernos de todo o que en nós hai de máquina, ou sexa, para ser moito máis creativos. E a máquina non é nada de extraterrestres: a natureza do deseño darwiniano da vida no noso planeta é xustamente iso, maquinal.

Os seus libros *La teoría nietzscheana del conocimiento* (2010) e *El problema de la identidad personal: más que fragmentos* (2003) profundan na cuestión da verdade, o coñecemento e a representación. Cales son as claves dunha teoría filosófica do coñecemento que estea á altura do século XXI e supere o reduccionismo científico? Como debe reformularse o problema filosófico da verdade no marco imperial da posverdade, é dicir, da mentira normalizada?

O problema "actual" da verdade é moral, é o problema da falta de coraxe, de valor, porque non lle caiba dúbida de que, polo xeral, cada persoa coñece sobradamente a verdade, e moi ao seu pesar, polo que non se atreve a dicirla a si mesma e por iso méntelles a todos. A posverdade é moi antiga, pensemos nos tempos da conversión

"MICHEL HENRY PROGNOSTICABA NOS ANOS OITENTA QUE A ERA DA INFORMÁTICA ÍA SER A DOS CRETINOS. NON SON TAN PESIMISTA: BEN USADO, CHATGPT, POR EXEMPLO, É UN RECURSO PRODIXIOSO PARA INVESTIGAR E PARA PENSAR, UN AVANCE INCRIBLE".

de Roma ao cristianismo. Isto fai suxeitos extremadamente vulnerables, débiles no sentido malo, que rompen cando o real asoma, "e pensan en suicidarse cando se acatarran". A "identidade" do suxeito, no mellor sentido desa ficción, será tanto máis forte canto "máis verdade soporte", e o que establecería para Nietzsche a xerarquía "natural" entre os humanos é, en definitiva, a coraxe. A sabedoría debe estar armada igual que a deusa Atenea. Por suposto que sen a ciencia non imos a ningunha parte, pero a filosofía debe



Coma o **pan, xornalismo** cada día


A forza de Praza son os seus lectores e lectoras.

O xornal editase cada día grazas ás achegas realizadas por todos nós.

faite socix da panificadora

<http://praza.com/achegas/>

praza
PÚBLICA



"A CIENCIA, DE SEU, NON QUERE SABER NADA DE TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS QUE VAIAN MÁIS ALÁ DAS PURAMENTE TECNOLÓXICAS. PERO O CRITERIO DA VALIDEZ FILOSÓFICA DO COÑECEMENTO CIENTÍFICO É PODER PROBAR O SEU VALOR PARA A VIDA, OU SEXA, EXPERIMENTAR COMO SE VIVE CON EL. UN RETO ENORME".

engadirlle ao coñecer científico o entusiasmo da súa propia paixón de coñecemento, debe darnos o valor indispensable para transformar a vida mirando os resultados da ciencia. A ciencia, de seu, non quere saber nada de transformacións sociais que vaian máis alá das puramente tecnolóxicas. Pero o criterio da validez filosófica do coñecemento científico é poder probar o seu valor para a vida, ou sexa, experimentar como se vive con el se é que se vai a poder vivir con el. Un reto enorme.

En *Filosofía de la mente* (2021) realiza un escrupuloso repaso, valoración e interpretación das diversas formulacións e solucións ao problema da relación mente-corpo. Pode resumirnos moi brevemente cal é a súa postura filosófica?

Basicamente a última de Daniel Dennett, co complemento dos resultados actuais da neurociencia afectiva, e todo iso meditouno xa Nietzsche dun modo non tan sorprendente como puidese parecer. Somos corpos (animais) coa impresionante capacidade de representarnos o noso vínculo constitutivo coa contorna física e social (a definición de Aristóteles dos animais con *logos* segue sendo hoxe inatacable). Isto fai de nós incríveis máquinas non só de adaptación senón, sobre todo, de "conquista", pero tamén é o que nos ten que abrir por forza á tolemia e destrución. É importante o concepto budista que manexaba Varela: suxeito e obxecto (cerebro, corpo e mundo) írianse co-orixinando de forma dependente. É o lazo sensomotor o que nos vai facendo, como tan ben investigou Noé. Escribiuno Nietzsche: xa non é posible seguir crendo aos paxaros que nos musitan que somos doutra orixe, que somos máis ca naturais.

Ao longo da súa extensa e prolífica carreira académica e ensaística estudou a fondo a filósofos como Wittgenstein, Derek Parfit e Clément Rosset, entre outros. Pode dicirlles aos nosos lectores que encontrou na súa lectura? Por que estas filosofías son útiles no noso tempo presente?

O tres son moi valentes e iso fainos intelectualmente honrados, como bendicidos coa virtude da *Redlichkeit*: ningún tolera mentirse. Pero habería unha distancia entre Wittgenstein e os outros dous. Wittgenstein é outro nivel, un punto aparte, trátase dun xenio absoluto. Ninguén como el nos vai brindar esa férrea disciplina no intento de dicir tan só o que sabemos, algo en último termo imposible porque somos humanos, ou sexa, charlatáns, pero é algo que sería exixible ao filósofo. É a mellor cura contra a verborrea da indecente falsa moralidade, mesturada con esa dramatización promocional do escándalo, ou con esa trivialidade máis que boba que cando a di un "filósofo" parece facer profundo ao necio agradecido. Todo isto circula hoxe polos medios e as redes coa etiqueta "filosofía". Parfit posúe a máis potente destreza no exercicio dunha lucidez implacable que, paradoxalmente, reconcíliache co que hai, ao repasalo. E Rosset é o don da alegría, que por suposto os envexosos ven sempre como sospeitosa (no seu caso atribuíanlla ao trastorno bipolar). Rosset "non é un Cioran calquera", en absoluto, senón quen continúa o proxecto nietzscheano do pensamento tráxico xenuíno: a gaia ciencia que nos fai fortes contra todos os contratempos da vida. En definitiva, se eu fose médico especialista en estupideces (ou sexa, filósofo), receitaría as obras deste tres pensadores para curar a enfermidade da época que nos tocou.

Contra a estupidez

[T] M. A. M. Q.



Retrato de un parvo (1550) / Frans Verbeeck (?)

Mariano Rodríguez González, catedrático de Filosofía da Universidade Complutense de Madrid, é especialista na filosofía da mente e na filosofía crítica emancipadora. Por outras palabras, e

dun modo máis acaído, na filosofía do gozoso desengano: Nietzsche, Freud, Heidegger, Wittgenstein, María Zambrano, Clément Rosset, Derek Parfit, entre outros. Brillante mostra deste quefacer filosófico é *La idea de tonto. Estudio contra la estupidez* (Ápeiron Ediciones, Madrid, 2022, 213 pax.), un ensaio liberador de prexuízos, que nos abre á alegría proporcionada polo coñecemento. Nel analiza unha figura actual, demasiado actual: o estúpido. É un excelente exemplo da utilidade da filosofía: deitar luz sobre un impensado da nosa época e algúns lugares avessos das accións humanas.

O capítulo 1 "A cultura de Francia ou o soberbio intento de estrangular a estupidez" establece cinco contornas do concepto e/ou figura do estúpido. A primeira é psicolóxica: a estupidez do tonto de remate é falta absoluta de autonomía mental. A súa figura é a da persoa entregada á pasividade, vítima das súas propias ocorrencias aparentemente fortuítas. A segunda contorna está vinculada á orixe do estúpido: nace e medra nun mixtión enguedellado de presuposicións, conxecturas, experiencias, emocións, afectos, amalgamados de tal modo que as súas palabras e actos tenden a expandirse sen medida. A terceira é ética: estúpido é o indiferente ou desinteresado ante o de verdade valioso, sente apego polas cousas ridículas. Achégase, neste trazo, ao insensato. A cuarta delimitación é epistémica: o estúpido non sente interese pola verdade. A última é política: quen se identifica sen crítica coas súas raíces, vive apegado con cegueira ao/s grupo/s de referencia. Estas cinco contornas provén dous achegamentos ao núcleo da estupidez. O primeiro é a diferenza entre o estúpido e o imbecil: torpe o primeiro, interesado soamente no propio o segundo. A se-



➤ A parábola dos cegos (1568) / Pieter Brueghel o Vello

A CONDICIÓN DO ESTÚPIDO
REFÓRZASE ACOTÍO CO SEU
DESINTERESE POLA COMPRESIÓN,
A REPUGNANCIA POLO REAL (QUE
ASOCIA AO INTOLERABLE), A
INCESANTE ACTIVIDADE IMAXINARIA
E DUPLICADORA.

gunda aproximación é o entrecruzamento entre os dous: o espírito de seriedade de quen cre ser alguén.

O capítulo 2 "*Memoria persoal na orixe do pensar*" formula un problema de calado para as sociedades avanzadas: os tontos de remate, os estúpidos, son educables?; é ineludible aturar a súa presenza, sufrir a súas decisións? Este problema, social e político, é unha das cuestións fundamentais da filosofía desde a súa orixe en Grecia. A filosofía busca eliminar a estupidez, non entenderse con ela, non negociar, non aceptala como interlocutora válida. Filósofas e filósofos tampouco aceptan o dereito a ser estúpido. Por que? Na época actual aparece un invento colosal: o dereito á estupidez como forma de vida, elección persoal, forma de ser e estar no mundo. Aberración moral, insulto epistemolóxico, é unha impertinencia ética e política. Con todo, neste suposto dereito arraigan moitas das dificultades (resistencia, defensas, bloqueos) que xorden no proceso educativo do estúpido.

O capítulo 3 "*Algunhas das moitas cousas nas que consistiría ser estúpido. Ou do espanto e o riso*" explica a estupidez como déficit cognitivo, fracaso da intelixencia, falta de comprensión. Non hai negatividade no concepto e carencia na figura: o concepto de "estúpido" é positivo; a figura do "imbécil" reborda ideas, actividade, creatividade. A estupidez ten un contido e refire unha acción. Oposta á estupidez é a sensatez, figura da persoa con xuízo ponderado. O capítulo continúa co exame do cretino, isto é, quen non se encontra preocupado polo seu propio eu. Incapaz de discernir entre o obxectivo e subxectivo das representacións que nel se forman, é arrastrado dun lugar a outro, cambia sen fundamento de opinión. Vive na dispersión temporal: non lembra, é alleo á memoria, non quere ou é incapaz de unificar o pasado desde un punto de vista narrativo. Xa que logo, despois de si, cos ollos pechados ao real, alleo á verdade, o cretino inculca no seu entorno unha diminución da potencia de obrar e pensar. Diminución que vén dan man dun carácter letal: o desinterese pola comprensión, de si e do outro, que o conduce a complicarse e complicarlle a vida aos demais.

O capítulo 4 "*Do perigo dos estúpidos. As cousas duras convén dicilas rindo*" reflexiona sobre a relación entre estupidez e malevolencia. Pivota en dous apoios: estúpido é quen se prexudica a si mesmo e, tamén, manca a outros, en ambos os dous casos, sen necesidade. O estúpido non tira beneficio do mal que reparte. No obstante, este asunto é complexo. O autor vincula estupidez e mal por medio do gancho da envexa. As raíces do dano que causa calquera estúpido son dúas. A primeira é a súa conduta errá-


tica, irracional, imprevisible; a segunda, a ignorancia sobre a estupidez do seu propio ser. Desde o punto de vista pedagóxico, o estúpido é ineducable: non hai forma de facerlle abandonar a súa identidade rexa, granítica. Desde a perspectiva filosófica, o estúpido pensa e actúa fóra da lóxica e da verdade: tráelle sen coidado a realidade.

O capítulo 5 "*Nietzsche e a ambigua valoración da estupidez. Salvar ao estúpido ou a caridade nietzscheana*" relé a interpretación que Nietzsche fai da estupidez. Do perspectivismo nietzscheano tira un triplo proveito: a posibilidade de abordar a estupidez como incapacidade de saír da perspectiva propia (fundamento da idiotéz do idiota); construír unha ciencia alegre fronte ao cristianismo paulino e erasmista; contemplar a estupidez cósmica en relación co azar e necesidade (a reacción sobrehumana a esta estupidez é a afirmación incondicional que chega até o extremo de amala).

O último capítulo, "*A estupidez desde Rosset. O estúpido é covarde máis da conta*", é unha atinada introdución ao concepto de estúpido estudado polo filósofo francés Clément Rosset. Estúpido é quen duplica o real nun dobre imaxinario, nega o real con constancia e teimosía. Este dobre do real é a súa inversión falsa que se autoproclama realidade verdadeira. Se a filosofía é teoría do real, visión do real, o maior inimigo do estúpido é o filósofo. Esta condición do estúpido refórzase acotío co seu desinterese pola comprensión, a repugnancia polo real (que asocia ao intolerable), a incesante actividade imaxinaria e duplicadora.

Este ensaio do profesor Mariano González ten un duplo interese: político-moral e salutar. O primeiro está relacionado coa habilidade do autor para desvelar algúns dos mecanismos actuais da acción moral e política: dúas hiperactividades empeñadas en desmentir o real, promover a mediocridade, confundir este esforzo de desmentido e promoción co exercicio da liberdade e a realización da xustiza. O segundo interese conecta coa función nobre da filosofía: sandar a alma, a mente. Como? A través dunha tripla operación ética: revelar a ridiculez de quen vive pegado a algo manifestamente ilusorio; destapar o fondo cómico do espírito de seriedade de quen, nunha frenética actividade imaxinaria duplicadora e reduplicadora, cre que está realmente ocupado en algo de importancia; presentar, sen caer no pensamento do absurdo, que o riso alegre (non mecánico, non estereotipado, non mercantil) ten a función de ensinar o real tal como é, resultando así ser máis que un antídoto contra a estupidez: é o limiar de entrada na lucidez intelectual da sabedoría práctica. Tamén de saída, claro.

Lara Dopazo Ruibal
CONTOS GRINGOS



LITERARIA

Ana Varela
RUNRÚN



LITERARIA RONSEL

Xosé M. Núñez Seixas
OS INMIGRANTES IMAXINADOS



ENSAIO

Luísa Villalta
En edición de Luciano Rodríguez
FORMAS BREVES DE PENSAMENTO




LITERARIA

Sandra Lodi
PAPÓNS



PREMIO ALBERTE QUIÑOÍ
DE ÁLBUM ILUSTRADO 2024
ÁLBUM

Ignacio Vidal Portabales
Ilustrado por Sandra Lodi
SUCOS



PREMIO SIMBAD PARA O
RECORDO E O ALZHEIMER 2023
A partir de 8 anos
ÁRBORE